

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PLANIFICACIÓN ACADÉMICA E INNOVACIÓN DOCENTE SOBRE AS MENCIÓNS DE “MATRÍCULA DE HONRA” NAS MATERIAS DE PRÁCTICAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO

As actas individuais para as materias de prácticas implantáronse nesta universidade, no curso académico 2020/2021, nas titulacións de grao e máster universitario cuxos centros de impartición así o solicitaron e, no curso 2021/2022, implantaranse en todas as titulacións.

O Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificación nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, establece, no punto 6 do artigo 5, o seguinte:

“A mención de «Matrícula de Honra» poderá ser outorgada a alumnos que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu número non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderase conceder unha soa «Matrícula de Honra»”.

Ao contrario do que acontece con outras materias, as prácticas realízanse en función da dispoñibilidade existente nas distintas institucións e empresas, o que conleva que a súa cualificación non se outorgue na mesma data. Este feito dificulta a aplicación do establecido no precitado artigo 5 do RD 1125/2003, do 5 de setembro.

Polo exposto, dispoño o seguinte:

Primeiro. O número de mencións de “Matrícula de honra” nas materias de prácticas das titulacións de grao e máster universitario, aínda que existan actas individuais, non poderá exceder do cinco por cento dos alumnos matriculados nestas materias, no correspondente curso académico, salvo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, nese caso poderase conceder unha soa “Matrícula de honra”.

Segundo. Non se poderán conceder as Matrículas de honra ate que se pechen todas as actas de prácticas dos alumnos matriculados en cada titulación nun curso académico.

Como ven sendo habitual serán os centros os que resolvan as asignacións das mencións de “Matrícula de honra”, tendo en conta que os seus secretarios, en colaboración cos responsables das materias de prácticas e coa administración, deberán facer o control correspondente.

Terceiro. Os secretarios dos centros incluírán unha dilixencia nas actas en soporte papel nas materias de prácticas que sexa necesario, co fin de indicar aqueles/as alumnos/as que obteñan a mención de “Matrícula de honra”, e, posteriormente, modificaranse os expedientes académicos.

Cuarto. De forma previa á inclusión das ditas dilixencias, os secretarios dos centros solicitarán a autorización, para esta finalidade, á Vicerreitoría competente en materia de organización académica que resolverá.

Código Seguro De Verificación	FD8ITcgp6S/LexRfK/tBrw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	10/09/2021 12:46:40
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FD8ITcgp6S/LexRfK/tBrw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



De ser posible, acumularanse nunha mesma solicitude as modificacións de actas por asignación daquelas Matrículas de honra que correspondan en cada titulación que se imparta nos seus centros.

Quinto. Tendo en conta que a concesión da mención Matrícula de honra supón unha modificación do expediente académico, e que non é conveniente modificar expedientes académicos pechados, os centros deberán advertir aos alumnos que teñan a posibilidade de obtención da Matrícula de honra para que, na medida do posible, non soliciten a expedición do seu título ate que se resolva a concesión desta.

Nancy Vázquez Veiga
Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente

Código Seguro De Verificación	FD8ITcgp6S/LexRFK/tBrw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Planificación Académica e Innovación Docente - Nancy Josefina Vázquez Veiga	Asinado	10/09/2021 12:46:40
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/FD8ITcgp6S/LexRFK/tBrw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

